


# Palavra comum



## *O desexo*, pintura e poesía (II)

👤 Francisco Souto    💬 0 comentarios    🕒 10:15, 25.Abr 2016

Estase a realizar unha exposición colectiva dos pintores Xulio Maside, Xoán Pardiñas e Fernando Riveiro (no **Pazo da Cultura de Carballo**, do 7 de abril ao 8 de maio), que posteriormente irá a Malpica.

Desde Caldeirón publicouse un catálogo homónimo con textos poéticos de autor@s que teñen editada alí a súa obra.

A continuación, deixamos a segunda parte deste diálogo entre artes:

\*\*\*



XULIO MASIDE

\*

Podo ulirvos  
atrapados na vosa espiral de bocas  
as mans confundidas nos adentros

podo escoitar  
como renxen as vosas seivas rápidas  
e ficar aquí enquistado  
no máis inútil ángulo da vosa pel  
á espreita

presentirvos  
esa vibración porosa e mística  
que facedes que aconteza  
e ladrarvos  
porque non atinxo o senso desta loita  
se os vosos sexos xogan a cazarse  
como cachorros  
ou se nutren  
ou se agreden

por iso estou latexante  
coas fauces abertas  
choutando entre as pernas do desexo  
gardándovos a pel

por se o desexo torna cruel mordida  
e acontecen as sombras.

EMMA PEDREIRA

\*\*\*



XOÁN PARDIÑAS

\*

**Antigone**

acaso quedara un último poema  
por escribir  
aaaaa -outra lectura-  
procurar a sombría ollada  
que na súa infelicidade  
escolle a morte  
de xeito consciente  
e rebelde  
amando a vida  
con total entrega  
e así completar  
nen saber que

MIGUEL MATO

\*\*\*



FERNANDO RIVEIRO

\*

e o lenzo racha  
transfigúrase  
transfórmase  
rompe o silencio para dicir que o verbo é  
o mar  
o ceo  
o corpo que abala  
para exclamar que basta!

a fronteira que delimitara os lindes do medo  
desfaise nos cascallos que son esa dor que nos iguala  
e non mingua  
e di que si incluso cando non lle presta  
pero recoñece o sacrificio  
e ambos virámonos cara ao mesmo lado  
e xuntos imos pechando os ollos  
para ficar durmidos  
no contacto necesario

ALBERTE MOMÁN NAVAL

 Google

## Sobre o autor / a autora



### Francisco Souto

(Galiza) A Coruña, 1962. Coeditor das edicións do Dragón nas que publica os cartóns colectivos Ao mar de adentro, A rota dos baleeiros e Dous bocetos. Coeditor tamén de Letras de Cal nas que publica Fado, 1998. É autor ademais de As árbores do incesto, Espiral Maior, 1995; Crebar cristais coa lingua, Caldeirón, 2003 e As horas de María, Espiral Maior, 2007. Ten no seu haber, entre outros, os premios Espiral Maior 1994, Johán Carballeira 2006, e foi accesit do III premio de poesía erótica Illas Sisargas co libro E alentar na túa rosa que verá a luz proximamente na colección Caldeirón. En 1993 realiza xunto a Kukas e Laura Quintillán o espectáculo pluridisciplinar América. En 2001 na sala galán do Compostela xunto ao piano de Serxio Moreira a montaxe Como águas de maio co que repite en Aviléscaño, 2003; As horas de María, 2007 e na homenaxe a Xelucho Abella por encargo da A. C. Monte Branco para a festa das letras 2008. Ilustra os libros Tortillas para os obreiros de Fran Alonso, Xanela ao bio de Paco de Tano, Arredor do teu corpo de Antonio García Teijeiro e Baile Átha Cliath de Alberte Momán e realiza portadas para o libro de Miro Villar, Ausencias pretéritas e Um corpo para a infancia de Celeste Craveiro. Participa en exposicións colectivas como Botella ao Mar, ou as organizadas por adega arredor do lixo ou Artnatura, e individuais como Poemas suxos, ou no restaurante Mar de Ardora, Lugar de incendios. Colaborou en teatro cos Monicreques de Kukas en Don Gaíferos e con Matarile en Hamletmaschine. Fai crítica teatral para A Nosa Terra, a día de hoxe ten un programa semanal de literatura A Escrita en Radio Roncudo, única radio libre da Costa da Morte.

 VEJA MAIS ARTIGOS  MANDE UM E-MAIL

## Sem comentários

### Escrever um comentário

O seu endereço de email não será publicado. Campos obrigatórios são marcados